

nistración de xustiza, á prestación do servizo de garda de dispoñibilidade.

No partido xudicial de Vigo, un dos médicos integrantes da quenda prevista no punto cuarto desta resolución percibirá a retribución por garda semanal de permanencia e dispoñibilidade prevista no punto quinto da dita Orde 1417/2003, en ningún caso esta retribución será acumulativa á prevista no parágrafo anterior.

Décimo primeiro.-Derrógase a Resolución do 28 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se aproba o número de médicos forenses que integrarán o servizo de garda do Instituto de Medicina Legal de Galicia (DOG nº 173, do 7 de setembro).

Décimo segundo.-Esta resolución ten efectos desde o día 23 de novembro de 2006 e producirá efectos económicos dende a mesma data.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2007.

Julio Ignacio Iglesias Redondo
Director xeral de Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 23 de marzo de 2007 pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de educación física para o curso 2007-2008, destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios, e se aproban as súas bases de concesión.

No marco da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) e nos desenvolvementos que sobre linguas estranxeiras se regulan nos reais decretos 245/1992, do 30 de xullo; 78/1993, do 25 de febreiro, e 275/1994, do 29 de xullo, que establecen os currículos da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, respectivamente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén convocando, desde hai oito anos, actividades formativas para o profesorado de linguas estranxeiras, máis concretamente de inglés e de francés, co obxecto de fomentar a actualización metodolóxica e a mellora do seu nivel de competencia comunicativa en contacto directo coa cultura dos países de orixe das devanditas linguas. Máis recentemente, esta consellería, consciente da importancia da aprendizaxe destas linguas para os cidadáns da nosa comunidade autónoma e da preocupación que neste sentido se manifesta desde todos os ámbitos sociais, puxo en marcha o proxecto de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria e o plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria, que requiren, para a súa óptima implantación, dun profesorado especialista actualizado e cun alto nivel de competencia comunicativa.

O contexto europeo da nosa comunidade, plurilingüe e multicultural, exige que todos os membros da sociedade estean en igualdade de condicións para poderen acceder e gozar das oportunidades que a Unión Europea

lles ofrece no mundo laboral, persoal e de acceso á cultura a través das tecnoloxías da comunicación e da información. A consecución destes obxectivos debe igualmente considerarse desde a perspectiva da contribución a reforzar unha cidadanía europea activa, cunha educación que invite a xente nova a asumir as súas responsabilidades a nivel supranacional e de contribución á creación dunha Unión Europea aberta a todos os países, baseada na comprensión, a cooperación, a tolerancia e a solidariedade.

Na procura destes fins, a Administración educativa galega é consciente da súa tarefa na formación permanente do profesorado e no deseño de actividades formativas que lle proporcionen a oportunidade de enriquecer os coñecementos nestas linguas, noutros sistemas educativos e no contorno cultural deles.

Baseándose na cooperación activa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e institucións e organizacións educativas estranxeiras, establécese un deseño de actividades formativas para realizar en Gran Bretaña, Francia, Irlanda, Alemaña e Portugal, coa oferta de cursos de formación e de actividades de intercambio de profesores que lles facilite a mellora da competencia lingüística e fomenta o interese pola cultura dese país.

En consecuencia co anteriormente exposto, e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxectivo desta convocatoria.

O obxectivo desta orde é convocar actividades de formación para o curso 2007-2008, dirixidas ao profesorado de educación infantil, educación primaria, educación secundaria, formación profesional, educación de adultos e ensinanzas de réxime especial, destinado actualmente e durante o vindeiro curso 2007-2008 en centros públicos dependentes desta comunidade autónoma.

As actividades convocadas son as seguintes:

a) Cursos de formación:

1. Un curso de inglés para 20 profesores e profesoras de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas, de inspección educativa e para persoas asesoras dos CFR, especialistas en inglés, que se impartirá na Universidade de Limerick (Irlanda), cunha duración de 4 semanas e desenvolvido do 2 ao 27 de xullo de 2007. 16 prazas para o profesorado de ensino secundario, 2 prazas para o profesorado do corpo de escolas oficiais de idiomas, 1 praza para o corpo de inspección educativa e 1 praza para persoas asesoras dos CFR; no caso de quedaren prazas vacantes nos corpos de escolas oficiais de idiomas, no de inspección educativa ou por parte dos asesores e asesoras de formación, as prazas serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

2. Un curso de inglés para 20 profesores e profesoras de educación secundaria, formación profesional, educación de adultos, ensinanzas de réxime especial, de inspección educativa e para persoas asesoras dos CFR, non especialistas en inglés. O curso impartirase na Universidade de Limerick (Irlanda) do 2 ao 13 de xullo

de 2007. 18 prazas para o profesorado de ensino secundario, 1 praza para o corpo de inspección educativa e 1 praza para persoas asesoras dos CFR; no caso de quedaren vacantes as prazas destinadas ao corpo de inspección educativa ou por parte dos asesores e asesoras de formación, serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

3. Un curso de inglés para 20 profesores e profesoras de educación secundaria, formación profesional, educación de adultos, ensinanzas de réxime especial, de inspección educativa e para persoas asesoras dos CFR, non especialistas en inglés. O curso impartirase en Limerick (Irlanda) do 16 ao 27 de xullo de 2007. 18 prazas para o profesorado de ensino secundario, 1 praza para o corpo de inspección educativa e 1 praza para persoas asesoras dos CFR; no caso de quedaren vacantes as prazas destinadas ao corpo de inspección educativa ou por parte dos asesores e asesoras de formación, serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

4. Un curso de inglés para 20 mestres e mestras e persoas asesoras dos CFR, non especialistas en inglés. O curso impartirase en Limerick (Irlanda) do 2 ao 13 de xullo de 2007. 19 prazas para o profesorado do corpo de mestres e 1 praza para persoas asesoras dos CFR; no caso de quedaren vacantes as prazas serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

5. Un curso de afondamento en técnicas de educación física para 15 docentes especialistas nas materias propias do currículo de educación física na educación primaria, na educación secundaria obrigatoria, na formación profesional, no bacharelato, na inspección educativa e para asesores de educación física nos CFR. O curso impartirase en Limerick (Irlanda) do 2 ao 13 de xullo de 2007. Destas prazas reservarase 1 para o corpo de inspección educativa e outra para asesores e asesoras de formación; no caso de quedaren vacantes as prazas destinadas ao corpo de inspección educativa ou por parte dos asesores e asesoras de formación, serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

Os participantes nos cursos de inglés aloxaranse na residencia universitaria sita no campus da Universidade de Limerick.

6. Un curso de francés dirixido a 20 profesores e profesoras de educación secundaria, educación de adultos, ensinanzas de réxime especial, de inspección educativa e persoas asesoras dos CFR, especialistas en francés. O curso impartirase en Nantes (Francia), do 9 ao 27 de xullo de 2007. 16 prazas para o profesorado de ensino secundario, 2 prazas para o profesorado do corpo de escolas oficiais de idiomas, 1 praza para o corpo de inspección educativa e 1 praza para persoas asesoras dos CFR; no caso de quedaren vacantes nos corpos de escolas oficiais de idiomas, de inspección educativa ou por parte dos asesores e asesoras de formación, as prazas serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

7. Un curso de francés para 30 mestres e mestras e persoas asesoras dos CFR, non especialistas en francés. O curso impartirase en Nantes (Francia) do 9 ao 27 de xullo de 2007. 29 prazas para o profesorado

do corpo de mestres e 1 praza para persoas asesoras dos CFR; no caso de quedar vacante esta praza, será cuberta polo profesorado solicitante desta actividade.

8. Un curso de francés para 30 profesores e profesoras de educación secundaria, formación profesional, educación de adultos, ensinanzas de réxime especial, inspección educativa e persoas asesoras dos CFR, non especialistas en francés. O curso impartirase en Nantes (Francia) do 9 ao 27 de xullo de 2007. 28 prazas para o profesorado de ensino secundario, 1 praza para o corpo de inspección educativa e 1 praza para persoas asesoras dos CFR; no caso de quedaren vacantes nos corpos de escolas oficiais de idiomas, no de inspección educativa ou por parte dos asesores e asesoras de formación, as prazas serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

Os participantes nos cursos de francés aloxaranse na residencia universitaria La Brunelliere.

9. Un curso de alemán para 10 profesores e profesoras de educación infantil, educación primaria, educación secundaria, formación profesional, educación de adultos, ensinanzas de réxime especial e persoas asesoras dos CFR, non especialistas na lingua, que terá lugar no Goethe Institut Freiburg (Alemaña), cunha duración de 2 semanas e desenvolvido do 9 ao 20 de xullo de 2007. 9 prazas reservarase para o profesorado de ensino secundario e 1 para os asesores e asesoras de formación; no caso de quedaren vacantes desta reserva, as prazas serán cubertas polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

Os participantes nos cursos de alemán aloxaranse na residencia universitaria de Freiburg.

10. Un curso de portugués para 15 docentes de educación infantil, educación primaria, educación secundaria, formación profesional, educación de adultos, ensinanzas de réxime especial e persoas asesoras dos CFR, que terá lugar na Universidade do Minho, en Braga (Portugal), cunha duración de dúas semanas e desenvolvido do 2 ao 13 de xullo de 2007. Reservarase 1 praza para asesores e asesoras de formación; no caso de quedar vacante esta reserva, a praza será cuberta polo resto do profesorado solicitante desta actividade.

b) Actividades de intercambio:

1. Un intercambio posto a posto para 10 profesores de francés de ensino secundario e de escolas oficiais de idiomas, cunha duración de 3 semanas, con docentes de español en Francia, desenvolvido no primeiro trimestre do curso 2007-2008.

2. Un intercambio-asistencia (*jobshadow*) para 5 mestres de inglés e para 10 profesores de inglés de ensino secundario e de escolas oficiais de idiomas, con docentes de español en Gran Bretaña. O intercambio terá unha duración de dúas semanas. As datas de desenvolvemento desta actividade serán acordadas polas autoridades educativas dentro do primeiro trimestre do curso 2007-2008.

Artigo 2º.-Modalidade das actividades.

O profesorado poderá solicitar os dous tipos de actividade: cursos e intercambios, indicando na folla de solicitude do anexo I a súa prioridade. Nas actividades de intercambio posto a posto e de intercambio-asistencia (*jobshadow*), a Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria poderá reducir o número de prazas ofertadas naqueles casos en que, debido a causas de forza maior, as administracións educativas colaboradoras do país correspondente non poidan dispoñer do profesorado necesario para a formación das parellas de docentes.

Artigo 3º.-Financiamento das actividades.

O financiamento dos gastos descritos realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.4221.640.1 por importe de 182.500 € no exercicio orzamentario de 2007.

Artigo 4º.-Condicións e requisitos de participación.

Os solicitantes destas actividades deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ser profesor/a, inspector/a ou asesor/a de linguas estranxeiras para as actividades que así o requiran. Para os efectos desta orde enténdese que son especialistas de idiomas: os catedráticos/as e profesores/as de ensino secundario de inglés e francés, os mestres/as de inglés e francés e os catedráticos/as e profesores/as de EOI de francés e inglés.

2. Impartir as materias propias do currículo de educación física na educación primaria, educación secundaria obrigatoria, na formación profesional, no bacharelato, ser asesor/a nun CFR ou inspector/a de educación física, para o curso de afondamento en técnicas de educación física.

3. Estar en situación de servizo activo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na inspección educativa ou nos CFR na actualidade e durante o curso para o que se solicita a actividade.

4. Con carácter xeral, ter como mínimo tres anos de antigüidade (con data do 31 de agosto de 2007) como funcionario/a de carreira nos corpos de mestres, educación secundaria, formación profesional, educación de adultos e ensinanzas de réxime especial ou de inspección educativa.

5. No caso do profesorado solicitante das actividades de intercambio posto a posto e intercambios-asistencia (*jobshadow*), a existencia será ser funcionario en prácticas ou funcionario de carreira, sen mínimo de antigüidade.

6. Non estar destinado en comisión de servizos durante o período para o que se solicita a actividade de formación, é dicir, durante o curso 2007-2008.

Artigo 5º.-Criterios de valoración.

1. Terán preferencia na adxudicación das prazas convocadas para o profesorado de inglés, de francés e de alemán:

-O profesorado que estea impartindo a lingua estranxeira correspondente durante o curso 2006-2007.

-O profesorado que non participou en cursos convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da orde de actividades formativas de inglés, francés e alemán en convocatorias anteriores.

2. Profesorado con condicións especiais de valoración:

-O profesorado de linguas estranxeiras participante en proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, autorizados

pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co especificado no baremo desta orde.

-O profesorado de linguas estranxeiras participante no plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria, establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co especificado no baremo desta orde.

-O profesorado que atende alumnado inmigrante, de acordo co especificado no baremo desta orde.

-O profesorado de escolas oficiais de idiomas, de acordo co especificado no artigo primeiro desta orde.

-O profesorado que realizou actividades de intercambio ou estadias, con alumnado, no estranxeiro, de acordo co especificado no baremo desta orde.

-O profesorado que participou nas actividades de intercambio-asistencia (*jobshadow*) e posto a posto das convocatorias organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co especificado no baremo desta orde.

3. Profesorado excluído desta convocatoria:

-O profesorado ao que se lle concedese un curso de formación destas accións formativas nas convocatorias para os cursos académicos 2005-2006 e 2006-2007.

-O profesorado ao que se lle concedese dúas veces un intercambio-asistencia en Gran Bretaña ou un intercambio posto a posto en Francia.

-O profesorado que estea gozando no curso 2006-2007, ou que teña concedida para o curso 2007-2008, licenza por estudos outorgada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 6º.-Organización e características dos cursos.

1. A organización dos cursos, do intercambio posto a posto e do intercambio-asistencia (*jobshadow*) correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quen poderá convenir os servizos necesarios para levar a cabo estas actividades.

2. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, co obxecto de asegurar un mellor desenvolvemento destas actividades na súa modalidade de curso de formación, promoverá a elección dun coordinador ou coordinadora de grupo entre as persoas seleccionadas para participar en cada un dos cursos convocados.

As funcións do coordinador de grupo serán de enlace entre o profesorado seleccionado e o Servizo de Formación do Profesorado, por unha banda, e de enlace do profesorado seleccionado e a institución educativa que imparta o curso, pola outra.

3. Os cursos e os intercambios estarán orientados á mellora do nivel de competencia lingüística e á actualización metodolóxica no ensino das linguas estranxeiras e no ensino precoz delas.

Artigo 7º.-Solicitudes de participación e prazo de presentación.

1. As persoas interesadas nas actividades de formación que se convocan deberán presentar a súa solicitude segundo o modelo do anexo I.

2. Á solicitude xuntaráse a seguinte documentación:

a) Certificado expedido polo secretario/a do centro, co visto e prace do seu director/a, no que conste a materia ou materias que imparte a persoa solicitante durante o curso 2006-2007.

b) Acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no baremo que se inclúe no anexo II desta orde.

A compulsa de documentos xustificativos de méritos, e calquera outro que a persoa solicitante incorpore á súa instancia, poderá efectuarse nos centros de educación infantil/primaria, centros públicos integrados, centros de secundaria e escolas de ensino de réxime especial, compulsa que asinará o/a director/a ou secretario/a do centro, sen prexuízo de que se poida realizar nos distintos órganos administrativos acreditados para tal fin.

c) Relación numerada e asinada da documentación presentada, seguindo a orde que aparece no indicado anexo II.

d) Non serán tidos en conta nin valorados os méritos alegados e non xustificados debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o punto 3 do artigo 7º desta convocatoria.

3. As solicitudes dirixidas á Consellería de Educación y Ordenación Universitaria, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, xunto coa documentación expresada anteriormente, deberán presentarse no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, a través do rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das súas delegacións provinciais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sendo imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente. Se a solicitude é remitida por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datado e selado polo funcionario de correos antes de que se proceda á súa certificación.

Artigo 8º.-Procedemento para a adxudicación das prazas.

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

-Presidenta: directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

-Vogais: ata un máximo de catro vogais, con categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou membros da inspección educativa.

-Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

-Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un representante para asistir ás sesións da comisión.

-A comisión poderá solicitar a incorporación de persoas asesoras especialistas, limitándose as devanditas persoas a prestar a súa colaboración.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 1 e 2 do baremo do anexo II. Ás reunións desta subcomisión poderán asistir representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

Esta comisión rexerese polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

2. A comisión seleccionadora realizará unha preselección segundo a puntuación obtida conforme o baremo que figura como anexo II desta convocatoria. En caso de empate entre os funcionarios, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 1.1 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 1.2 do baremo.

c) Maior puntuación no punto 2.2 do baremo.

A continuación, desempatará o número de rexistro persoal máis baixo e, se é o caso, ano de oposición e número de lista.

3. Finalizada a preselección, a comisión fará pública a resolución provisional, que se exporá no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no edificio administrativo de San Caetano e nos das delegacións provinciais, así como no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (www.edu.xunta.es) na internet.

A exposición abrirá un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das actividades perante a presidenta da comisión. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as ditas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá a relación final dos seleccionados. A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e exporase nos taboleiros de anuncios e no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (www.edu.xunta.es) na internet.

4. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 9º.-Renuncias e retirada de documentación.

1. Unha vez resolta esta convocatoria, soamente se admitirán renuncias ás actividades concedidas en casos

de excepcional gravidade e libremente apreciadas pola presidenta da comisión. O profesorado que non participe na actividade para a que foi seleccionado perderá a súa preferencia para participar nas vindeiras tres convocatorias da actividade, agás nos casos excepcionais autorizados.

2. Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva, as persoas interesadas, ou os seus representantes legais, poderán retirar a documentación ante a presidenta da comisión.

3. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses, desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 10º.-Condicións económicas.

1. Cantidades a percibir:

a) Os gastos de docencia dos cursos en Irlanda, así como os de aloxamento e mantenza, serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ás persoas docentes proporcionaráselles un cuarto na residencia da Universidade de Limerick, incluíndo o dereito ao uso da cocíña do apartamento, así como os bonos para o xantar no comedor da universidade, ou nun comedor similar, nos días lectivos (20 bonos para os cursos de catro semanas e 10 bonos para os cursos de dúas semanas). O profesorado asistente percibirá o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa. As persoas asistentes percibirán bolsas de 30 € por día correspondentes ás fins de semana (6 bolsas para o curso de catro semanas e 2 para os cursos de dúas semanas). Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 850 € por participante.

b) Os gastos de docencia, os de aloxamento e xantar, nos días lectivos, dos cursos de francés que se impartan en Nantes, serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este profesorado percibirá o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa, así como as bolsas de 30 € por día correspondentes ás fins de semana e día festivo. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 800 € por participante.

c) Os gastos de docencia, os de aloxamento e xantar, nos días lectivos, do curso de alemán que se impartan en Freiburg, serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este profesorado percibirá o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa, así como as bolsas de 30 € por día correspondentes á fin de semana. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 850 € por participante.

d) Os gastos de docencia, os de aloxamento e mantenza, nos días lectivos, do curso de portugués que

se imparta en Braga, serán financiados directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este profesorado percibirá o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa, así como as bolsas de 30 € por día correspondentes á fin de semana. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 650 € por participante.

e) O profesorado de francés de secundaria e de escolas oficiais de idiomas que sexa seleccionado para participar na actividade de intercambio posto a posto con Francia recibirá unha bolsa de estudos por día de 60 €, así como o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o seu centro de destino ao centro de destino francés e viceversa. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior aos 1.600 € por participante.

f) O profesorado de inglés de ensino primario, secundario e de escolas oficiais de idiomas, que sexa seleccionado para participar na actividade de intercambio-asistencia (*jobshadow*) con Gran Bretaña, recibirá unha bolsa de estudos por día de 60 €, así como o importe correspondente aos gastos de desprazamento desde o centro de destino ao lugar de realización do curso e viceversa. Por estes dous conceptos, viaxe e bolsa, o profesorado non poderá percibir unha contía superior a 1.300 euros por participante.

2. Para facer efectivas estas cantidades os beneficiarios deberán presentar no prazo de 15 días, contado desde a data da finalización:

a) Unha memoria pedagóxica da actividade, segundo as pautas proporcionadas polo Servizo de Formación do Profesorado.

b) Xustificación da totalidade do custo da viaxe acompañada dos xustificantes orixinais (billetes de avión, autobús, tren, etc.).

c) Copia compulsada do certificado expedido polo centro estranxeiro, no caso dos asistentes a cursos de idiomas.

Artigo 11º.-Retribucións.

Durante o tempo de duración das actividades de formación, o profesorado seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias, ademais da axuda compensatoria de gastos mencionada no artigo décimo.

Artigo 12º.-Habilitación normativa.

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Artigo 13º.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO ESTRANXEIRO. CURSO 2007-2008	CÓDIGO DEL PROCEDUREMENTO ED305F	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	--------------------------------

NIF	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME

SOLICITA: Que lle sexa concedida a actividade de formación que se sinala a seguir.

I.- ACTIVIDADES	II.- CORPO OU ESPECIALIDADE
<input type="checkbox"/> 1.- Curso de lingua inglesa (PES, EOI, inspectores e asesores especialistas).	<input type="checkbox"/> Mestres.
<input type="checkbox"/> 2.- Curso de lingua inglesa (PES, EOI, inspectores e asesores non especialistas).	<input type="checkbox"/> Profesores de ensino secundario.
<input type="checkbox"/> 3.- Curso de lingua inglesa (PES, EOI, inspectores e asesores especialistas).	<input type="checkbox"/> Inspección educativa.
<input type="checkbox"/> 4.- Curso de lingua inglesa (mestres e asesores non especialistas)	<input type="checkbox"/> Asesores.
<input type="checkbox"/> 5.- Curso de afondamento en técnicas de educación física (PES, mestres, inspectores e asesores de educación física	<input type="checkbox"/> Non especialistas.
<input type="checkbox"/> 6.- Curso de lingua francesa (PES, EOI, inspectores e asesores especialistas).	<input type="checkbox"/> Especialidade de inglés.
<input type="checkbox"/> 7.- Curso de lingua francesa (mestres e asesores non especialistas).	<input type="checkbox"/> Especialidade de francés.
<input type="checkbox"/> 8.- Curso de lingua francesa (PES, EOI, inspectores e asesores non especialistas).	<input type="checkbox"/> Especialidade de educación física.
<input type="checkbox"/> 9.- Curso de lingua alemana (PES, EOI, mestres e asesores, especialistas e non especialistas)	Idioma que imparte:
<input type="checkbox"/> 10.- Curso de lingua portuguesa (PES, EOI, mestres e asesores, especialistas e non especialistas)	<input type="checkbox"/> Inglés.
<input type="checkbox"/> 11.- Intercambio de francés (PES e EOI especialistas)	<input type="checkbox"/> Francés.
<input type="checkbox"/> 12.- Intercambio de inglés (mestres, PES e EOI especialistas)	<input type="checkbox"/> Alemán.
	<input type="checkbox"/> Portugués.

NOTA: no caso de solicitar dúas actividades, sinala claramente a súa preferencia (1º, 2º, etc.) *Márquese o que proceda*

III.- DATOS PROFESIONAIS

CÓDIGO DO CENTRO	NOME DO CENTRO		
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO DO CENTRO	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

IV.- DATOS PERSOAIS

TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO PARTICULAR	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
CORREO ELECTRÓNICO PARTICULAR			

V.-¿Solicitou comisión de servizos para o curso 2007-2008?

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 23 de marzo de 2007 pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés, alemán, portugués e de educación física para o curso 2007-2008, destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios, e se aproban as súas bases de concesión.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
		____/____/____
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

de
 Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO II

Baremo

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos máximo	Documentos
1. Méritos docentes. Por cada ano de servizo na función pública docente (non se computarán os exixidos como requisito).	1 punto por ano completo	Por esta epígrafe ata 10 puntos	
2. Actividades de formación permanente do profesorado: actividades de formación permanente organizadas ou homologadas polas administracións educativas; así como as organizadas polas universidades.			Segundo os casos: fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas.
2.1. Dirección e/ou docencia en actividades de perfeccionamento relacionadas coa súa especialidade: Nota: para os titores de prácticas de mestre, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,25 puntos por cada ano.	Ata 25 h0,05 p de 26 a 50 h ... 0,10 p de 51 a 100 h.. 0,15 p máis de 100 h.. 0,20 p	2 puntos	
2.2. Asistencia a cursos, grupos estables, seminarios e outras actividades da especialidade:	Ata 25 h0,05 p de 26 a 50 h ...0,10 p de 51 a 100 h ..0,15 p máis de 100 h..0,20 p	4 puntos	
2.3. Participación en proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, e participación no plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Atención a alumnado inmigrante	0,5 puntos por ano	2 puntos	Certificado acreditativo ou certificación da secretaría do centro co visto e prace da dirección deste.
2.4. Participación no intercambio-asistencia e posto a posto das convocatorias organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	0,5 puntos por actividade	3 puntos	
2.5. Participación en intercambios ou estadias formativas, con alumnado, no estranxeiro.	0,75 puntos por actividade	3,75 puntos	
3. Publicacións ou investigacións sobre a materia ou especialidade de ensino. Nota: a puntuación de cada publicación divídese polo número de autores.	* Libro: -non especializado: ata 0,50. -especializado: ata 1 * Artigo en revista: -non especializada: 0,15. -especializada: 0,25 * Vídeo/casete, CD, disquete: -non especializado 0,25 -Especializado 0,50	3 puntos 3 puntos 3 puntos	Exemplares orixinais ou fotocopias compulsadas da totalidade do traballo, nos que conste o ISBN se son libros ou o ISSN se son revistas. As publicacións en soporte audiovisual ou informático tamén deberán ter ISBN.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 23 de marzo de 2007 pola que se regulan os servizos e adxudicación de estadias nas residencias de tempo libre dependentes da Vicepresidencia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

Por outra banda, o Real decreto 4123/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tempo libre, dispón que terán dereito a ser usuarios das residencias traspasadas todos os traballadores españois e os seus familiares, calquera que sexa o lugar do seu domicilio.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais de familia, infancia e mocidade, competencias atribuídas neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dispón de dous centros destinados ao desfrute do ocio e o lecer das familias, as residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño, ás cales se lles quere dar un fondo contido social, posibilitando o acceso de familias con baixos recursos a un período vacacional nas residencias de tempo libre da nosa comunidade.

Mediante esta orde ofértanse quendas de estadias nas devanditas residencias, co fin de favorecer a comunicación e a participación persoal e socio-familiar.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto regular, para o ano 2007, o procedemento de adxudicación de estadias e servizos das residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño, sitas nas localidades de Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense) respectivamente e dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.